PRIMEIRA PROBA, PARTE A

OPCIÓN 2

I. ORIENTACIÓN

EXERCICIO 1 (1 punto):

1	**Explica en que consiste a Teoría de John L. Holland.**

A teoría da elección vocacional de John L. Holland sostén que a elección dunha profesión está relacionada coa personalidade do individuo e o ambiente laboral. Canto maior é a coincidencia entre ambos, maior será a satisfacción e o rendemento profesional.

2	**En que ano empezou Holland a desenvolver a devandita teoría.**

Holland comezou a desenvolver a súa teoría a finais dos anos 50 (1959).

3	**Enumera e describe brevemente os seis tipos de personalidade deste modelo.**

Holland identificou seis tipos de personalidade, coñecidos polas siglas RIASEC: Realista, Investigador, Artístico, Social, Emprendedor e Convencional. Esta teoría ten múltiples aplicacións prácticas na orientación profesional no ámbito educativo. Tipos de personalidade vocacional (RIASEC):

Realista (R): Persoas prácticas e concretas. Prefiren o traballo físico e o uso de ferramentas. Ex: mecánico, técnico de mantemento.

Investigador (I): Persoas analíticas e curiosas. Prefiren resolver problemas e analizar. Ex: científico, programador.

Artístico (A): Persoas creativas e orixinais. Prefiren actividades expresivas. Ex: músico.

Social (S): Persoas empáticas e sociables. Gústalles axudar. Ex: docente, traballador/a social.

Emprendedor (E): Persoas con liderado e iniciativa. Prefiren vender e dirixir. Ex: directivo, comercial.

Convencional (C): Persoas organizadas e precisas. Prefiren seguir normas. Ex: administrativo, contable.

EXERCICIO 2 (1 punto):

Vostede é titor/a dun/dunha alumno/a de 16 anos, en risco de abandono escolar, que non atopa motivación nos estudos convencionais e está a valorar deixar o sistema educativo. Quere saber que opcións lle ofrece a FP en Galicia e como pode axudarlle o programa FPgal360.

1	**Comente a lexislación relevante que apoia a orientación profesional integral no marco da FP galega.**

A **orientación profesional integral en Galicia está apoiada por varios textos legais** clave:

- **Lei Orgánica 3/2022**, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional:
  Define o sistema único de FP e, no seu Título VII (artigo 94.2), establece que as administracións deben garantir un apoio integral á carreira formativa e profesional das persoas, mediante unha orientación profesional axustada e eficaz. Esta orientación debe eliminar estereotipos de xénero e facilitar información sobre todas as opcións formativas e profesionais.
- **Real Decreto 659/2023**, do 18 de xullo:
  Desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional e, no seu Título VII, regula a orientación profesional como un mecanismo fundamental para o desenvolvemento persoal e profesional, asegurando a equidade, o acceso á información e o acompañamento ao longo da vida.
- **Decreto 114/2010**, do 1 de xullo, da Xunta de Galicia:
  No seu capítulo XIV, aborda a información e orientación profesional no sistema educativo galego, establecendo a obriga da Consellería de Educación de proporcionar información e apoio a alumnado, familias e colectivos en risco de exclusión ou abandono escolar.

En resumo, estes marcos legais garanten que calquera alumno/a ten dereito a recibir unha orientación profesional personalizada, inclusiva e adaptada ás súas necesidades, asegurando o acceso a información e recursos para construír a súa traxectoria educativa e profesional.

2	**Explique brevemente que é o programa FPgal360 e cales son os seus obxectivos principais para o alumnado de FP en Galicia.**

O FPgal360 é o Plan de Orientación Profesional Integral de Galicia, impulsado pola Xunta de Galicia, que ten como finalidade acompañar ao alumnado na toma de decisións educativas e profesionais desde idades temperás e ao longo de toda a vida.

Os seus **obxectivos principais** son:

- Reducir o abandono escolar temperán, perseguindo a "tendencia cero" (é dicir, que ningún mozo/a abandone o sistema educativo sen titulación).
- Incrementar a cualificación da poboación nova, facilitando itinerarios formativos personalizados e adaptados ás necesidades e intereses do alumnado.
- Favorecer a inserción laboral, asegurando que a formación recibida responde ás demandas do mercado e mellora a empregabilidade.

O plan articula estratexias de información, orientación e acompañamento, tanto para alumnado como para colectivos vulnerables ou en risco de exclusión

.

3	**Describa os tres eixos principais a través dos que se articula o plan FPgal360.**

Os tres eixos que estruturan o plan FPgal360 para garantir unha orientación profesional integral, inclusiva e adaptada ás necesidades do alumnado e da contorna laboral galega son:

1. Maximizar o éxito do alumnado do sistema educativo, perseguindo a "tendencia cero" no abandono escolar temperán.

Este eixo céntrase en establecer medidas preventivas e de reforzo para favorecer a permanencia e titulación do alumnado no sistema educativo, especialmente a través da Formación Profesional Básica. O obxectivo é reducir ao mínimo o abandono escolar temperán, acompañando ao alumnado desde idades temperás e facilitando itinerarios formativos flexibles e personalizados.

2. Potenciar un sistema integral de orientación profesional e vocacional.
   O segundo eixo busca consolidar un sistema de orientación profesional que acompañe ao alumnado e á cidadanía en xeral na toma de decisións educativas e laborais ao longo de toda a vida. Inclúe información, formación e sensibilización dirixidas tanto ao persoal orientador e docente como ao propio alumnado, e pon especial atención en colectivos vulnerables ou en risco de exclusión.

3. Facilitar a titulación da poboación nova sen cualificación.
   O terceiro eixo está orientado a desenvolver actuacións específicas para que as persoas mozas que abandonaron o sistema educativo sen titulación poidan reincorporarse e obter unha cualificación profesional. Priorizar medidas de apoio e orientación para facilitar o acceso á formación e á inserción laboral destes colectivos.

.

II. PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

EXERCICIO ÚNICO (2 puntos):

A traballadora Antonia García Fernández de 30 anos de idade, presta os seus servizos na empresa de paquetería Luís Seoane de Pontevedra. No seu posto de traballo realiza unha tarefa de arrastre de cargas para o que dispón dunha carretilla manual, cuxas asas están situadas a 110 cm do chan, para transportar unhas caixas a 10 m de distancia. En media realiza 6 operacións de transporte cada 5 minutos. Tendo en conta os datos que se expoñen a continuación, responda as preguntas formuladas:

Sexo	Tarefa	Forza	CV	RL	VSF	DHSF	F_{SF}
Feminino	Empuxe	Inicial	0.214	36,9	$-0{,}5304+\frac{V}{0{,}3361}-\frac{V^2}{0{,}6915}$	$1{,}0286-\frac{DH}{72{,}22}+\frac{DH^2}{9782}$	$0{,}7251-\frac{In(F)}{13{,}19}-\frac{In^2(F)}{197{,}3}$
	Arrastre		0.234				
	Empuxe	Sostida	0.286	25,5	$-0{,}6539+\frac{V}{0{,}2941}-\frac{V^2}{0{,}5722}$	$1{,}0391-\frac{DH}{52{,}91}+\frac{DH^2}{7975}$	$0{,}6086-\frac{In(F)}{11{,}95}-\frac{In^2(F)}{304{,}4}$
	Arrastre		0.298				

Táboa. Parámetros para o cálculo do MAL_{50} en tarefas de empuxe e de arrastre

VARIABLE	SEXO	LÍMITE INFERIOR	LÍMITE SUPERIOR
V	Masculino	0,63 m	1,44m
	Feminino	0,58 m	1,33m
DH	Masculino	2,1 m	61m
	Feminino		
F	Masculino	0,0021 min^{-1}	10 min^{-1}
	Feminino		
Velocidade media (DH.F)	Masculino	-	37m.min^{-1}
	Feminino		

Táboa. Rangos de validez das variables utilizadas para o cálculo do MAL 50

Porcentaxe empuxe/arrastre	Probabilidade Z< Zx	Z
75	0,25	-0,674
80	0,20	-0,842
85	0,15	-1,036
90	0,10	-1,282
95	0,05	-1,645
99	0,01	-2,326

Valores da variable estándar Z e a súa correspondente probabilidade acumulada

1	**Cales son os límites de forza para esta tarefa?**

Todas as variables están dentro dos rangos indicados na seguinte táboa:

VARIABLE	SEXO	LIMITE INFERIOR	LIMITE SUPERIOR
V	Masculino	0,63 m	1,44m
	Feminino	0,58 m	1,33m
DH	Masculino	2,1 m	61m
	Feminino		
F	Masculino	0,0021 min^{-1}	10 min^{-1}
	Feminino		
Velocidade media (DH.F)	Masculino	-	37m.min^{-1}
	Feminino		

Rangos de validez das variables empregadas para o cálculo do MAL_{50}

A velocidade media (DH.F) é igual a 12 (sae de multiplicar 10 metros x 1,2 da Frecuencia), tamén por baixo do límite superior de validez. Os MAL_{50} para a forza inicial (MALi) e a sostida (MALs) obtéñense a través das seguintes expresións:

MAL_{50}= RL [V_{SF}] [DH_{SF}][F_{SF}]

Sexo	Tarea	Fuerza	CV	RL	V_{SF}	DH_{SF}	F_{SF}
Masculino	Empuje	Inicial	0,231	70,3	$1{,}2737-\frac{V}{1{,}335}+\frac{V^2}{2{,}576}$	$1{,}0790-\frac{\ln(DH)}{9{,}392}$	$0{,}6281-\frac{\ln(F)}{13{,}07}-\frac{\ln^2(F)}{379{,}5}$
		Sostenida	0,267	65,3	$2{,}2940-\frac{V}{0{,}3345}+\frac{V^2}{0{,}6887}$	$1{,}1035-\frac{\ln(DH)}{7{,}170}$	$0{,}4896-\frac{\ln(F)}{10{,}20}-\frac{\ln^2(F)}{403{,}9}$
	Arrastre	Inicial	0,238	69,8	$1{,}7186-\frac{V}{0{,}6888}+\frac{V^2}{2{,}025}$	$1{,}0790-\frac{\ln(DH)}{9{,}392}$	$0{,}6281-\frac{\ln(F)}{13{,}07}-\frac{\ln^2(F)}{379{,}5}$
		Sostenida	0,257	61,0	$2{,}1977-\frac{V}{0{,}3850}+\frac{V^2}{0{,}9047}$	$1{,}1035-\frac{\ln(DH)}{7{,}170}$	$0{,}4896-\frac{\ln(F)}{10{,}20}-\frac{\ln^2(F)}{403{,}9}$
Femenino	Empuje	Inicial	0,214	36,9	$-0{,}5304+\frac{V}{0{,}3361}-\frac{V^2}{0{,}6915}$	$1{,}0286-\frac{DH}{72{,}22}+\frac{DH^2}{9782}$	$0{,}7251-\frac{\ln(F)}{13{,}19}-\frac{\ln^2(F)}{197{,}3}$
	Arrastre		0,234				
	Empuje	Sostenida	0,286	25,5	$-0{,}6539+\frac{V}{0{,}2941}-\frac{V^2}{0{,}5722}$	$1{,}0391-\frac{DH}{52{,}91}+\frac{DH^2}{7975}$	$0{,}6086-\frac{\ln(F)}{11{,}95}-\frac{\ln^2(F)}{3\,\,,4}$
	Arrastre		0,298				

Fonte: Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo

Parámetros para o cálculo do MAL_{50} en tarefas de empuxe e de arrastre.

$MAL_{i,50}=36{,}9[-0{,}5304+\frac{1{,}1}{0{,}3361}-\frac{1{,}1^2}{0{,}6915}].[1{,}0286-\frac{10}{72{,}22}+\frac{10^2}{9782}].\left[0{,}7251-\frac{\ln(1{,}2)}{13{,}19}-\frac{In^2(1{,}2)}{197{,}3}\right]=$

$36{,}9\,.\,0{,}9929.\,0{,}9004\,.\,0{,}7111=23{,}45\,kg_f$

$MAL_{S,50}=25{,}5.[-0{,}6539+\frac{1{,}1}{0{,}2941}-\frac{1{,}1^2}{0{,}5722}].[1{,}0391-\frac{10}{52{,}91}+\frac{10^2}{7975}]=$

$25{,}5\,.\,0{,}9717.\,0{,}8626\,.\,0{,}5932=12{,}68\,kg_f$

Seguidamente, suponse que este valor representa a media dunha distribución normal, cuxa desviación estándar (s) calcúlase empregando o coeficiente de variación mediante a seguinte expresión:

$\sigma_i = CV\,.\,MAL_{50}$

As desviacións estándar son, respectivamente:

$\sigma_{i=}$ 0.234 x 23,45= 5,48730 kg_f

$\sigma_{s=}$ 0.298 x 12,68= 3,77864 kg_f

Cos valores de desviación estándar e de MAL_{50} é posible calcular o límite para un determinado percentil da poboación (MALx). Para iso, emprégase a distribución normal estándar de media 0 e desviación estándar 1, N(0,1), de tal forma que o valor de MALx adopta a seguinte expresión:

$$MAL_x = MAL_{50} + \sigma \cdot Z_x$$
$$MAL_x = MAL_{50} + MAL_{50} \cdot CV \cdot Z_x$$
$$MAL_x = MAL_{50} \cdot (1 + CV \cdot Z_x)$$

2	**Cales serían os límites se se quere ofrecer unha protección ao 75% da poboación feminina?**

Os valores da variable estándar Z poden obterse de táboas estatísticas ou poden calcularse mediante programas informáticos que inclúan funcións estatísticas, como, por exemplo, follas de cálculo ou paquetes estatísticos. Na táboa 3 móstranse algúns valores de Z así como o percentil asociado para as tarefas de empuxe e arrastre.

Porcentaxe empuxe/arrastre	Probabilidade $Z< Z_x$	Z
75	0,25	-0,674
80	0,20	-0,842
85	0,15	-1,036
90	0,10	-1,282
95	0,05	-1,645
99	0,01	-2,326

Valores da variable estándar Z e a súa correspondente probabilidade acumulada

Tendo en conta o criterio do 75% da poboación feminina proposto polos autores das ecuacións, é necesario calcular o valor de MAL_{75} para ambas as forzas, utilizando para iso o valor de Z

$MAL_{i,75}$=23,45 + 5,48730. (-0,674)= 19,75 Kg_f

$MAL_{S,75}$=12,68 + 3,77864. (-0,674)= 10,13 Kg_f

3	**Cales serían os límites se se quere ofrecer unha protección ao 90% da poboación feminina?**

Se pola contra se desexa calcular un límite que ofreza maior nivel de protección, pode empregarse o valor de -1,282 para a variable estandarizada Z, e desta forma calcular os límites de forza para o 90% da poboación feminina:

$MAL_{i,90}$=23,45 + 5,48730. (-1,282)= 16,42 Kg_f

$MAL_{S,90}$=12,68 + 3,77864. (-1,282)= 7,84 Kg_f

Obsérvase que o factor de frecuencia FSF é o que supón unha maior penalización para o cálculo do MAL. No caso de que as forzas exercidas fosen maiores que os límites anteriores e fose necesario realizar modificacións na tarefa de arrastre, a actuación sobre a devandita frecuencia ofrecería unha maior posibilidade de variación do MAL con respecto ao resto de factores.

Bibliografía do exercicio:

- *NTP 477. Levantamiento Manual de cargas: ecuación del NIOSH. INSHT*
- *Real Decreto 487/1997 sobre disposiciones mínimas de seguridad y salud relativas a la manipulación manual de cargas que entrañe riesgos en particular dorso lumbares, para los trabajadores.*
- *Norma ISO 11228-2 (2007) sobre la evaluación de los riesgos dorsolumbares asociados a las tareas de empuje y de arrastre.*
- *NTP 1212. Evaluación del riesgo en áreas de empuje y arrastre: Ecuaciones LM-MMH.*

Fonte: Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo

III. DEREITO LABORAL

EXERCICIO ÚNICO (2 puntos):

O convenio colectivo vixente nun sector establece as seguintes condicións:

- A liquidación mensual das retribucións determinarase en base a mensualidades de 30 días para todo o persoal tanto de taller como de oficina.
- Dúas gratificacións extraordinarias semestrais, que se abonan unha en xullo e outra en decembro, na contía, cada unha delas, de 30 días de salario base.
- As vacacións serán de 23 días laborais.
- As empresas abonarán á finalización do contrato e polo concepto de indemnización ás persoas traballadoras con contratos non indefinidos, un importe de 20 días de salario por ano traballado.

En dúas empresas do sector prodúcense as seguintes situacións:

- María, enxeñeira do grupo profesional 1, foi contratada o 1 de marzo do 2025 mediante un contrato por circunstancias da produción de 2 meses de duración. O seu salario base é de 3.041,33 €/mes. Durante o mes de abril realizou 10 horas extraordinarias (hora extraordinaria: 40,51 €/hora) e utilizou o seu vehículo persoal para tarefas laborais, percorrendo 700 km. en total (quilómetro vehículo propio: 0,37 €/km.). O 30 de abril finalizou o contrato sen gozar as vacacións anuais. A empresa declárase insolvente e débelle as nóminas de marzo, abril e a liquidación.

- Óscar, oficial de 1ª taller do grupo profesional 5, é despedido en 2025. A súa antigüidade na empresa é de 12 anos. A empresa, en procedemento concursal, débelle 26.912,16 € correspondentes á indemnización por despedimento disciplinario improcedente.

1	**Que contía lle abonará o FOGASA a María e por que conceptos?**

Salario diario = 3.041,33 / 30 = 101,38 €/día

Salario diario con pagas = 3.041,33 x 14 / 365 = 116,65 €/día

Salarios:

Salario base marzo e abril = 3.041,33 x 2 = 6.082,66 €

Paga extra xullo = 3.041,33 x 60 / 180 = 1.013,78 €

Horas extraordinarias abril = 40,51 x 10 = 405,10 €

Días vacacións non gozados = 23 x 61 / 365 = 3,84 días laborables

3,84 x 30 / 23 = 5,01 días naturais

Vacacións non gozadas = 5,01 x 101,38 = 584,42 €

Total débeda salarios = 6.082,66 + 1.013,78 + 405,10 + 584,42 = 8.085,96 €

FOGASA: SMI con pagas = 39,47 + (1.184 x 2 / 365) = 45,96 €/día

Dobre SMI con pagas = **91,92 €/día**

SMI con pagas = 1.184 x 14 / 360 = 46,04 €/día

Dobre SMI con pagas = 46,08 x 2 = ***92,08 €/día***

Salario diario excede dobre SMI diario con pagas

FOGASA salarios máximo = 91,92 x 120 = **11.030,40 €**

salarios máximo = (1.184 x 14 / 360 x 2) x 120 = ***11.050,67 €***

Débeda salarial = 8.085,96 € / 116,65 €/día = **69,32 días**

FOGASA abona = 91,92 €/día x 69,32 días = **6.371,89 €**

abona = 92,08 €/día x 69,32 días = ***6.382,99 €***

Indemnización finalización contrato temporal:

Antigüidade = 61 / 365 = 0,17 días

Indemnización convenio colectivo = 20 x 116,65 x 0,17 = 396,61 €

FOGASA base indemnización = (61 x 12 / 365) x 91,92 = 2 x 91,92 = **183,84 €**

b*ase indemnización = 12 x 92,08 x 0,17 =* ***187,85 €***

FOGASA salarios e indemnización = 6.371,89 + 183,84 = **6.555,73 €**

salarios e indemnización = 6.382,99 + 187,85 = 6.570,84 €

2	**Que contía cubrirá o Fondo de Garantía Salarial no caso de Óscar?**

Indemnización despedimento improcedente: 33 días de salario por ano traballado
Base despedimento improcedente FOGASA: 30 días de salario por ano traballado
Base situación concursal FOGASA = 20 días/salario por ano traballado

Cálculo salario diario:
Días indemnización = 12 x 33 = 396 días
Salario diario = 26.912,16 € / 396 días = 67,96 €/día

FOGASA, dobre SMI con pagas = **91,92 €** Non excede do máximo
dobre SMI con pagas = ***92,08 €*** Non excede do máximo

FOGASA, máximo unha anualidade = 91,92 x 365 = **33.550,80 €**
máximo unha anualidade = (1.184x14) / 360 x 2 x 360 = ***33.152 €***

Indemnización FOGASA despedimento improcedente:
30 x 67,96 x 12 = 24.456,6 € Non excede do máximo

Indemnización FOGASA despedimento improcedente situación concursal:
20 x 67,96 x 12 = 16.310,40 €. Non excede do máximo

3	**Indique as referencias normativas.**

- Artigo 33 Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Real Decreto 87/2025, de 11 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2025.
- Real Decreto Lexislativo 1/2020, de 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei Concursal.

IV. SEGURIDADE SOCIAL

EXERCICIO ÚNICO (2 puntos):

Antonio prestou servizos nunha empresa estando encadrado no Réxime Xeral da Seguridade Social desde o 8 de xaneiro de 2003 ata o 28 de xaneiro de 2024, nesta data falece por mor de enfermidade común.

Antonio estivo casado en dúas ocasións, a primeira con Clara dende o 4 de xullo de 2007 ata o 12 de maio de 2012 (1.774 días) e nunha segunda ocasión con Teresa dende o 6 de agosto de 2012 ao 15 de agosto de 2015, data na que se separou (1.105 días).

A base reguladora da prestación por morte e supervivencia ascende a 1.658,37 €. Clara solicita a pensión de viuvez que lle puidese corresponder o 14 de xuño de 2024. Teresa, que satisfixo os gastos de sepelio, solicita o 25 de abril de 2024 auxilio por defunción e pensión de viuvez.

Ambas as dúas beneficiarias son traballadoras por conta allea e recibían pensión compensatoria do seu excónxuxe, ao amparo do contido do artigo 97 do Código Civil e atopábanse separados.

1	**Determinar a contía da pensión de viuvez de Clara e a data de efectos económicos.**

Clara Santos recibirá pensión de viuvez, posto que no momento do falecemento (28/01/2024), o suxeito causante atopábase en situación de alta (art. 219 LXSS) e acredita o período mínimo de 500 días cotizados nos 5 anos anteriores á data do falecemento (art. 7 da Orde do 13/02/1967).

Aínda que na actualidade non está casada co causante, segundo o artigo 220 da LXSS, xérase dereito a pensión de viuvez por ter sido cónxuxe lexítima; iso si, a contía da prestación obterase en proporción ao tempo de convivencia. O cálculo da proporción da

pensión de viuvez efectúase segundo o tempo vivido por cada unha das beneficiarias co causante (penúltimo parágrafo do art. 220 LXSS).

Pensión íntegra de viuvez: 52% da base reguladora porcentaxe establecido no art. 31 do Decreto 3.158/1.966: 1.658,37 × 52% = **862,3524 €**

- Porcentaxe que corresponde á primeira esposa:
  2.879 -------- 100
  1.774 -------- X → **61,62%**
  2.879 = 1.774 + 1.105 → total días de convivencia matrimonial, 1.774 días de convivencia con Clara, a primeira esposa.

Clara recibirá: 862,3524 × 61,62% = **531,38 €**

Se a contía da pensión de viuvez fose superior á da pensión compensatoria, a pensión recoñecida veríase limitada a esta última.

Data de efectos económicos: **14/03/2024**, xa que a solicitude presentouse fóra dos 3 meses seguintes ao feito causante (art. 230 LXSS)

2	**Establecer as prestacións ás que ten dereito Teresa indicando a data de efectos económicos das mesmas.**

A segunda beneficiaria, Teresa, percibirá pensión segundo os mesmos fundamentos expostos para Clara, pero neste caso, a porcentaxe aplicable polos días de convivencia será:

2.879 -------- 100
1.105 -------- X → **38,38%** (*Non ten dereito ao mínimo do 40%, por estar separados.*)

Pensión recoñecida:
862,3524 × 38,38% = **330,97 € mensuais**

A pensión tamén estará limitada á pensión compensatoria.

Data de efectos económicos: **29/01/2024**, xa que se solicita dentro dos 3 meses seguintes ao falecemento (art. 230 LXSS)

Recoñeceráselle tamén o **subsidio por defunción**, por importe de **46,50 €** (art. 218 LXSS, arts. 5 e 6 da Orde do 13/02/1967 e DA 10ª da Lei 40/2007)

(*As contías poden verse afectadas polos mínimos establecidos para as pensións.*)

3	**No caso de que o pai de Antonio convivise con el desde o 1 de abril de 2021 e tendo en conta que ten 82 anos de idade, que non ten dereito a pensión e que só percibe 500 € mensuais polo alugueiro dunha vivenda que posúe. Tería dereito a algunha pensión? En caso afirmativo, cal sería a contía?**

Si, o pai de Antonio tería dereito á **pensión en favor de familiares**, xa que:

- Convivía co causante desde hai máis de 2 anos
- Non ten dereito a pensión pública
- Carece de medios suficientes de subsistencia

A contía sería o **20% da base reguladora**:
1.658,37 × 20% = **331,67 €**

V. ECONOMÍA E EMPRESA

EXERCICIO ÚNICO (2 puntos):

Unha empresa lanza un novo produto de gran calidade para o cal se fixou un prezo de venda ao público de 150 €/ unidade.

A empresa ten dous métodos para a fabricación do devandito produto. No primeiro método de fabricación ascéndese a uns custos fixos de 50.000 € e custo variable unitario de 60 €. No segundo método de fabricación ascéndese a uns custos fixos de 70.000 € e custo variable unitario de 50 €.

Logo dun estudo de mercado, chégase ás seguintes estimacións de mercado.

Volume de vendas	Probabilidade
1.500 ud.	35%
2.500 ud.	50%
500 ud.	30%

Pídese:

1	**Constrúe a matriz de resultados.**

		N1	N2	N3
	Fórmula resultado	1500 unidades	2500 unidades	500 unidades
E1 (método 1)	150 * Q- (50.000 +60 *Q)	85.000	175.000	-5.000
E2 (método 2)	150 * Q- (70.000 +50 *Q)	80.000	180.000	-20.000

2	**Calcula o resultado para cada alternativa e mellor valor esperado.**

	N1	N2	N3	
	1500 uds	2500 uds	500 uds	
	35%	50%	30%	Valor esperado
E1 (método 1)	85.000	175.000	-5.000	85.000 * 0,35 + 175.000*0,5 -5000*0,3= **115.750**
E2 (método 2)	80.000	180.000	-20.000	80.000 * 0,35 + 180.000*0,5 -20.000*0,3= 112.000

Eliximos E1 (método 1) ao representar o mellor valor esperado

3	**Calcula a matriz de pesares.**

	N1	N2	N3	N1	N2	N3	
	1500 uds	2500 uds	500 uds	1500 uds	2500 uds	500 uds	
	35%	50%	30%	35%	50%	30%	Custo esperado
E1 (método 1)	85.000 - 85.000	180.000- 175.000	-5.000- (-5.000)	0	5.000	0	0*0,35 +5.000*0,5 +0*0,30= **2500**
E2 (método 2)	85.000- 80.000	180.000- 180.000	-5.000- (- 20.000)	5.000	0	15.000	5.000*0,35 + 0*0,5 +15.000*0,30=6250

4	**Calcula o custo de incerteza ou VEIP.**

BEIP: Beneficio esperado con información perfecta.

BEIP= 85.000 *0,35 +180.000*0,5 + (-5.000 *0,3) = 118.250

VE: Mellor valor esperado: 115.750

VEIP: Valor esperado da información perfecta:

VEIP=BEIP-VE= 118.250-115.750=2.500 que representa o custo da incerteza e coincide co custo de oportunidade esperado.